


O MUSEO DA TERRA DE MELIDE

XOSÉ MANUEL BROZ REI



O Museo da Terra de Melide ten a súa orixe en 1978, cando un grupo de afeccionados á arqueoloxía - «o grupo Trisquele» - expón na recién inaugurada Biblioteca Municipal unha mostra de cerámica castrexa dos Castros da comarca.

Convértese en exposición permanente, que segue aumentando polos achados que se van atopando nas desfeitas ou en traballos agrícolas. Co tempo, vanse facendo exposicións e estudos sobre arqueoloxía, etnografía arte, etc.

É no ano 1982 cando nace formal e fisicamente o **Museo da Terra de Melide**, ó trasladarse ó local actual, na rúa do Convento, cedido pola **Familia Fuciños**. Os membros fundadores foron catro, pero axudados por varios amigos e coa simpatía doutras xentes.

O Museo réxese por unha directiva de socios fundadores e socios electos. Conta con 150 socios colaboradores, unha cativa subvención do Concello de Melide e subvencións da Xunta para actividades culturais, como membro colaborador no Camiño de Santiago, así como da Deputación Provincial da Coruña para a publicación do *Boletín*.

EXPOSICIÓN

Na Sala baixa expóñese todo o relativo ó mundo castrexo e ó medieval.

Móstranse os achados das escavacións do **Castro da Graña** e da vila romana de **O Piñeiro**,

ámbalas dúas realizadas polas Universidades de Santiago e de Lodz (Polonia), coa colaboración do propio Museo.

Hai que destaca-la arracada de ouro (s.II a.C.) e a abundante mostra de cerámica castrexa de varios castros da comarca, un tesouriño de moedas romanas, machados do Neolítico e Megalítico e, sobre todo, a punta de lanza de Melide, do ano 1000 a.C. aproximadamente.

Ademais, poden verse capiteis románicos de desaparecidas igrexas de Melide, e cadros con óleos e debuxos de castros ou de monumentos románicos desta zona.

Na Sala alta está a mostra de etnografía, representada polos oficios máis destacados da comarca: o tear, o ferreiro, a música, o telleiro (xa que había tres centros de obradoiros de tella), o zapateiro (un dos máis representativos de Melide, e de tradición secular), así como as cousas da casa e da escola, e os xoguetes populares.

Todo intenta representa-la memoria histórica da vida tradicional galega para que o visitante se identifique coa nosa etnografía, que os nenos saiban e coñezan, que os mozos se lembren e que os vellos rememoren.

PUBLICACIÓNS

Á beira desta Sala alta está a Biblioteca-oficina, que é centro de traballo e de estudo, onde se prepara o **Boletín do Museo**, que é a publicación que recolle e difunde a actividade

investigadora sobre temas comarcais. Na actualidade está a publicarse o nº 9, con varios artigos, como é acostumado.

INVESTIGACIÓN

O Museo ten publicado xa varios traballos, e pódese dicir que conta con inventarios de todo o Patrimonio da comarca, que abrangue os concellos de Toques, Santiso e Melide: o Románico, os Cruceiros, a Nobreza (escudos e sarregos), as Igrexas, os Ferreiros, os Hórreos, as Casas grandes, etc.

O proxecto inmediato é poder conseguir máis espazo e mellora-la exposición como se fai necesario nun Museo que está no Camiño de Santiago e que recibe, informa e atende a moitos peregrinos.

HORARIO

Diario : mañán de 10'30 a 1'30
tarde de 5 a 7

Domingos : de 11 a 2
Festivos : pechado

Entrada gratuita
(Teléfono 981 - 505349)